


Exposición

Lois Patiño. Marea

Fundación Luis Seoane

Do 25 de xaneiro ao 4 de abril de 2024

Comisario: Alberto Carton



Lois Patiño. *El sembrador de estrellas*, 2022, curtametraxe experimental, 25 min, HD, cor

A exposición **Lois Patiño. Marea** reúne as instalacións, videoocreacións e curtametraxes experimentais realizados polo cineasta Lois Patiño (Vigo, 1983) desde o ano 2010, un proxecto comisariado por Alberto Carton que se poderá ver nas salas da Fundación Luis Seoane desde o 25 de xaneiro ata o 4 de abril e no el Centro Torrente Ballester de Ferrol a partir do mes de maio. En paralelo, os días 27, 28 e 29 de febreiro, a Filmoteca de Galicia dedicará un ciclo á obra cinematográfica do realizador galego que complementará e ampliará os contidos da mostra.

A exposición

Marea é unha vertebración alterada do espazo-tempo, unha suspensión narrativa a partir do traballo audiovisual de Lois Patiño.

A exposición xira ao redor de dúas pezas: *Hadal*, unha instalación composta por un vídeo, dúas videoinstalacións e unha instalación lumínica; e a curtametraxe experimental *El sembrador de estrellas*. A elección das obras implicou unha consideración sobre a súa percepción, a súa correlación e tamén o relato cos espazos de exhibición, que non son só físicos, tamén apreciativos: a mirada, a memoria, a sensibilidade, o exercicio de achegamento e comprensión. **Marea**, coas súas dúas beiras, incita ao desprazamento, á pausa e a un deslizamento do tempo en devir do seu agora.

A instalación *Hadal* «mergúllanos nunha incerta escuridade do mar, e reflexiona sobre aspectos perceptivos e sensoriais da experiencia submariña. A flotabilidade do corpo, a atención á respiración e o movemento oscilante da luz, envólvennos nunha experiencia íntima de fonda introspección», como describe o seu autor. Unha transposición entre abismo oceánico, corpo «amniótico» e fantasía perdurable.

En continuidade, aínda que con localizacións xeográficas e argumentos aparentemente diverxentes, a curtametraxe experimental *El sembrador de estrellas*, gravada en Tokio en 2022, recolle a escuridade nocturna, cincelada entre as luces da cidade constelada, e potencia a asimilación de certa mística contemplativa, que reverbera desde as palabras case líquidas que texturizan a peza. Unha fluctuación entre o onírico e o racional, coa paisaxe cognitiva e condicional que sempre é un guion proxectivo para Lois Patiño.

Sobre o artista

A obra cinematográfica de Lois Patiño (Vigo, 1983) formou parte da programación de festivais como Cannes, Berlinale, Locarno, Toronto, Rotterdam, Nueva York, Viennale, IDFA, Cinéma du Réel, Oberhausen, Clermont-Ferrand, entre outros. O seu traballo foi

obxecto de focos específicos en citas como o New York Film Festival (USA), BAFICI (Arxentina), Festival de Cali (Colombia) ou NeMAF (Corea do Sur).

As súas películas e videoinstalacións puideronse ver en centros de arte como o MoMA, o Centro Pompidou, o MACBA, o CCCB, La Casa Encendida ou en feiras de arte como ARCO, Estampa, SWAB, Paris Photo (Francia), Photo London (UK), Unseen (Amsterdam) ou a Triennale de Aichi (Xapón).

A Universidade de Harvard otorgoulle no 2016 a bolsa Robert Fulton III, destinada a cineastas emerxentes «de espírito independente, que exploran culturas diversas cunha profunda sensibilidade estética».

Samsara (2023 - Berlinale - Encounters / Premio especial de xurado), *Lúa vermella* (2020 – Berlinale Forum) e *Costa da morte* (2013 – Locarno / Premio mellor director emerxente) son as súas tres longametraxes ata hoxe. *Ariel*, rodada nas illas Azores, será a súa cuarta longametraxe. As súas dúas últimas curtametraxes: *Sycorax* (2021) e *El sembrador de estrelas* (2022), incluído nesta exposición, estreáronse na Quincena de Realizadores de Cannes e na Sección Oficial da Berlinale respectivamente, sendo premiado neste último festival.

Pezas incluídas na exposición

Hadal, 2018

Sol rojo

Vídeo HD monocanal, 2 min 30 s, son

Sombra metálica en el sueño

Videoinstalación: tres proxectores, vasos de cristal

Cuerpo de mar

Videoinstalación: bloque de metacrilato transparente

Narcosis

Instalación lumínica: cables de luz, lámina de espello

El sembrador de estrellas, 2022, curtametraxe experimental, 25 min, HD, cor

Ciclo na Fimoteca de Galicia: 27, 28 e 29 de febreiro

Para máis información, solicitude de imaxes e entrevistas:

Emma Fernández Castro

emma.fernandez@fundacionluisseoane.gal

Tel. 981 216 015